

NUM-CONSULTA: V0006-19

ÓRGANO: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 20.11.2019

NORMATIVA:

Artigos 16.Cinco e 17.Sete do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

DESCRICIÓN-FEITOS:

O consultante vai adquirir dous predios situados en Galicia, que a efectos de Catastro son rústicos.

CUESTIÓN FORMULADA:

1. Se os predios a efectos do Catastro son rústicos, enténdese que lles é aplicable a dedución por transmisión de solo rústico? e, se se agrupan, enténdese que lles é aplicable a dedución por agrupación de predios que conteñan solo rústico?
2. Como saber a que predios rústicos lles é aplicable ditas deducións?

CONTESTACIÓN COMPLETA:

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

1. Artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (TRTCG):

“Cinco. Dedución aplicable ás transmisións de solo rústico.

Ás transmisións inter vivos de solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % da cota. Para estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 15 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No suposto de que sobre o solo rústico exista unha construción, a dedución non se estenderá á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que se asenta.”

2. Artigo 17 do TRTCG:

“Sete. Dedución aplicable ás agrupacións de predios que conteñan solo rústico.

Ás agrupacións de predios que conteñan solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % na cota correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, que recaía sobre o devandito solo. Para estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 15 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No suposto de que sobre o solo rústico exista unha construción, a dedución non se estenderá á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que se asenta.”

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

As deducións sobre as que se formula a consulta fan referencia expresa nos artigos que as regula, 16. Cinco e 17. Sete do TRTCG, que sinalan que, a efectos das mesmas entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 15 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Dita lei foi derogada pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), quedando regulado o concepto de solo rústico no artigo 31. Así, o artigo 31 da LSG, establece que:

“1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

2. Dentro do solo rústico distinguirase o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección.”

Por tanto, **as deducións por transmisión de solo rústico e por agrupación de predios que conteña solo rústico, só serán aplicables se os predios que son obxecto de transmisión ou agrupación, teñen a cualificación de solo rústico para os efectos do artigo 31 da LSG, con independencia da cualificación que teñan a efectos catastrais.** A este respecto, e en contestación á segunda cuestión formulada na súa consulta, pode resultar do seu interese o disposto no artigo 87 da LSG que regula a publicidade dos instrumentos urbanísticos, segundo o cal:

“1. Os instrumentos de planeamento urbanístico, con todos os seus documentos, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, serán públicos e calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos no concello.

2. Toda persoa terá dereito a que o municipio correspondente informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os dous meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal.

3. Os concellos garantirán, mediante procedementos telemáticos, o acceso e o coñecemento do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación.”

O que comunico a Vde. con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.